

GR/ao

RESOLUCION PRESIDENCIAL

A Presidencia, no exercicio das facultades que lle confire a normativa legal vixente, ditou a seguinte **RESOLUCION**

Visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 11 de maio de 2018, que conta co visto e prace do Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, co seguinte teor literal,

"O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, eleva a seguinte

PROPOSTA**OBXECTO**

A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a idoneidade de asinar un Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Mondariz Balneario e a Asociación Amigos da Terra para levar a cabo o proxecto **"A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal"**, na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

Primeiro. As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento dos restos orgánicos dos residuos municipais están moi lonxe de poder cumplirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, ó menos, o 25% da fracción orgánica antes do 2020 non se poderá acadar senón se dan xa pasos firmes e decididos nesta dirección.

Para reverter esta situación a Deputación Provincial de Pontevedra está a potenciar á compostaxe- en colaboración cos concellos- a través do seu Plan Revitaliza no que aposta, basicamente, polos Compostadores Individuais (en adiante COIN), os Centros de Compostaxe Comunitaria (en adiante CCC) e as Plantas Comarcais de Compostaxe (PCC)

Ademais, para consolidar o Plan REVITALIZA, a Deputación puxo en marcha unha serie de axudas que permitirán aos Concellos fazer fronte aos sobre-custos derivados da súa posta en marcha no período de tránsito do actual sistema de recollida e tratamento ao novo sistema baseado na compostaxe, sendo 33 os Concellos adheridos á liña 1, que lles permitirá dispoñer dun plan de residuos individualizado, e 5 os beneficiarios da liña 2, que ten por obxecto subvencionar a adquisición dos COIN, CCC e demais material complementario (remolques, trituradoras etc..).

Segundo. En relación aos CCC a Deputación xa ten instalados en 24 concellos da provincia un total de 61 con 436 Unidades Modulares de Compostaxe (en adiante UMC), con capacidades unitarias para tratar a FORM producida por entre 60 e 300 persoas, que funcionan perfectamente e contan con todos os parabéns das veciñas e veciños que participan no proceso; estes CCC están funcionando baixo a supervisión dos técnicos do Plan REVITALIZA que desenvolven as súas funcións de maneira temporal e transitoria ata que a súa implantación sexa completa e os Concellos asuman a súa xestión íntegra.

Terceiro. En canto aos COIN, a Administración Provincial está traballando para ter instalados na primeira metade do 2018 un importante número deles nos cinco concellos desta provincia que teñen accedido á Liña 2, cunha apostila clara pola colaboración cos concellos para a posta en marcha dun ambicioso plan de compostaxe individual (en adiante COIN) que virá a complementar a actividade dos centros de compostaxe comunitaria (CCC) e das futuras plantas de compostaxe comarcas (PCC).

Sen embargo, como queira que a Deputación de Pontevedra carece dos medios técnicos necesarios para iso e a fin de garantir que a implantación destes COIN resulte eficiente, así como asegurar o seu seguimento, a Administración Provincial tense decantado pola aplicación dunha política colaborativa e inclusiva que permita integrar dun xeito harmónico a todas aquelas asociacións cidadáns sen ánimo de lucro posuidoras de coñecementos e cunha mínima presenza/implantación previa no eido da compostaxe individual, así como na acción social que esta leva consigo.

Esta colaboración provincial será transitoria durante o tempo necesario para o seguimento dos COIN municipais xa instalados ou a piques de instalar (un ano desde a instalación), xa que posteriormente será o Concello quen asuma en exclusiva ditas funcións a través das formas de xestión que estime oportunas.

Cuarto. Entre as asociacións mencionadas no punto anterior atópase Amigos da Terra, entidade ecoloxista sen ánimo de lucro cunha traxectoria de traballo real en concellos da provincia de Pontevedra que xa están a implantar o novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe (por exemplo, Vilaboa) en cunha demostrada experiencia e bons resultados en varios concellos galegos na implantación e seguimento dos COINs.

Dita Asociación ten, ademais, entre os seus fins:

- Protexer o medio ambiente, entendido no máis amplio senso.
- Promover alternativas baseadas no desenvolvemento sostenible.
- Promover a educación integral a todos os niveis e en todos os ámbitos,
- Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- Complementar as actividades desenvoltas por distintas Administracións nas materias sinaladas.

En relación con este último aspecto, a Asociación Amigos da Terra é promotora de diversos proxectos como o denominado “A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal”, que está dirixido a cubrillas necesidades de atención a tódolos habitantes residentes en vivendas dotadas das mínimas condicións como para permitir unha doada instalación dun COIN nas mesmas.

Quinto. Pola súa banda, o Concello de Mondariz Balneario está adherido ao Plan REVITALIZA, e ten solicitado, acadado e finalmente assumido a súa participación activa na Liña-2, na que precisa da colaboración provincial para desenvolver o novo sistema de tratamento de residuos, así como a participación activa da Asociación Amigos da Terra na información para a posta en marcha e seguimento dos COIN previstos para cubrila totalidade do seu Concello, que se estima nunha cantidade de 286.

Polo tanto, a súa elección ven determinada por ser un dos cinco Concellos beneficiarios da subvención da liña 2 estando en boa disposición para implantar canto antes o cambio de sistema de tratamiento de residuos baseado na compostaxe.

Sexto. Por todo iso é intención da Deputación de Pontevedra colaborar na execución do proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, co fin de que o mesmo veña a complementar a actividade despregada pola Administración Provincial neste eido no Concello de Mondariz Balneario, articulándose dita colaboración a través do presente Convenio onde reflíctense detalladamente as obrigas asumidas por cada unha das partes.

IMPACTO ECONÓMICO DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

As compensacións económicas derivadas das actividades a desenvolver pola Asociación Amigos da Terra na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario ascenden a **19.990,60 euros**, de acordo ao seguinte detalle:

- Por cada visita de seguimento de cada un dos COIN, sexa para entrega/installación, e/ou para control/seguimento/avaliación, sempre de acordo coas premisas reflectidas nas actividades específicas do proxecto: **10,00 €**.
- Número medio de visitas de seguimento anuais previstas a cada vivenda con COIN asignado, de acordo coas premisas reflectidas nas actividades específicas do proxecto e que estará afectada de certa variabilidade atendendo ás particularidades de cada fogar: **5**.
- Máximo total previsto dos COIN aprovisionados polo concello a cargo do REVITALIZA (entrega/installación/control/seguimento): **286 unidades**.
- Máximo total previsto adicional de outros COIN xa instalados, ou por instalar, procedentes doutras orixes: non se puido corroborar que haxa COINS a maiores dos do Revitaliza. Non obstante, se aparecese algúns, e os propietarios precisasen a formación, estes incluiríanse no cómputo total de visitas.
- Orzamento máximo previsto para as visitas a vivendas con COIN: $(50 \text{ €}/\text{COIN} \times 286 \text{ COIN}) = 14.300,00 \text{ €}$.
- Por cada xornada de formación cos veciños/as: **200,00 €**.
- Máximo total previsto de xornadas/coloquios formativas veciños/as: **4**
- Orzamento máximo previsto para xornadas/coloquios informativos: **800,00 €**.
- Por accións de seguimento non presenciais (seguimento telefónico, correo electrónico, whatsapp...) tendo en conta 5.7 h/COIN: **17,10 €/COIN**. As accións de seguimento non substituirán as visitas presenciais.
- Orzamento máximo previsto para accións de seguimento: **4.890,60 €**

Orzamento máximo total previsto: 19.990,60 €.

Devandito importe que se afrontará con cargo á aplicación 18/923.1623.489.06 do vixente orzamento provincial

VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo de vixencia do presente convenio establecése desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Previa solicitude de Amigos da Terra, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmas informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social en toda a provincia e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopan a recollida e tratamento de residuos.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 13 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, nos Concellos de menos de 20.000 habitantes a Deputación coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos; pola súa banda, o artigo 36.1.c) da citada Lei establece que é competencia da Deputación a prestación dos servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal, e o fomento ou, no seu caso, a coordinación da prestación unificada de servizos dos Concellos do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación do servizo de tratamento de residuos nos Concellos de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan a súa prestación.

Nesa mesma liña, o artigo 6 da Lei 10/2008, de residuos de Galicia, atribúe ás Deputacións competencia para adoptar as medidas oportunas para asegurar, conforme ao establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa aos Concellos na prestación do servizo de recollida e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos plans provinciais de obras e servizos.

Segundo. O artigo 198 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece a posibilidade de que as Entidades Locais celebren Convenios para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

A través destes Convenios as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuir as subvencións outorgadas por unha das con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores; e en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir con todos o algún dos municipios da provincia, Convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

Terceiro. O presente Convenio cumple co establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, encadrándose no suposto establecido no artigo 48.7 da citada Lei: “Cuando el convenio instrumente una subvención deberá cumplir con lo previsto en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y en la normativa autonómica de desarrollo que, en su caso, resulte aplicable.”

En relación co anterior, sinala o artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións que “Se entiende por subvención el proyecto, la acción, conducta o situación financiada que tenga por objeto el fomento de una actividad de utilidad pública o interés social o de promoción de una finalidad pública”, mentres que o artigo 22 da citada Lei establece a posibilidade de conceder de forma directa subvencións “... en las que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, o otras debidamente justificadas que dificulten su

convocatoria pública.”; no mesmo sentido, o artigo 22 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

*Pola súa banda, o artigo 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955, establece que “Las Corporaciones Locales podrán conceder subvenciones a Entidades, Organismos o particulares cuyos servicios o **actividades complementen o suplan los atribuidos a la competencia local...**”, tal e como acontece neste expediente respecto ao proxecto denominado “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, a desenvolver pola Asociación Amigos da Terra xa que vería a complementar a actividade temporal despregada pola Deputación neste eido no Concello de Mondariz Balneario, e cuxa elección aparece xustificada no apartado relativo á necesidade e oportunidade de tramitar este Convenio.*

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Mondariz Balneario e a Asociación Amigos da Terra para levar a cabo o proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario.

A aportación da Deputación Provincial de Pontevedra, **19.990,60 euros**, se afrontará con cargo á aplicación **18/923.1623.489.06** do vixente orzamento provincial.”

Visto o informe emitido o 16 de maio de 2018 pola Secretaría Xeral no que se reflicte que o Convenio é correcto xurídicamente para os fins propostos.

Visto o informe da Intervención Xeral, de data 21 de maio de 2018, favorable á tramitación do presente expediente, no que se indica que na aplicación **18/923.1623.489.06** do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para fazer fronte as obrigas derivadas do Convenio, realizándose a correspondente retención de crédito mediante documento RC nº 201800080260.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 21 de maio de 2018, xustificativo da tramitación urxente do presente Convenio.

Vistos os antecedentes mencionados, de conformidade co disposto na base 16.1 das aprobadas para a execución do vixente orzamento que atribúe a competencia para aprobar o presente Convenio á Presidencia, por delegación do Pleno, ao tratarse dunha subvención que non supera os 60.000,00 euros, sendo preceptivo o ditame da comisión informativa,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Mondariz Balneario e a Asociación Amigos da Terra para levar a cabo o proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario.

Devandito Convenio, que se formalizará mediante a súa sinatura por parte dos representantes das citadas administracións, achégase á presente resolución como parte integrante da mesma co seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA “IMPLANTACIÓN E SEGUIMENTO DA COMPOSTAXE INDIVIDUAL A NIVEL MUNICIPAL”.

En Pontevedra a xx de xx de 2018.

REUNIDOS

Dª. María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación da Provincial de Pontevedra, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Don José Antonio Lorenzo Rodríguez, Alcalde do Concello de Mondariz Balneario, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Dona Raquel Fernández Rodríguez, presidenta da Asociación Amigos da Terra.

E dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Actuando todos eles no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN

Primeiro. As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento dos restos orgánicos dos residuos municipais están moi lonxe de poder cumplirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, ó menos, o 25% da fracción orgánica antes do 2020 non se poderá acadar senón se dan xa pasos firmes e decididos nesta dirección.

Para reverter esta situación a Deputación Provincial de Pontevedra está a potenciar a compostaxe- en colaboración cos concellos- a través do seu Plan Revitaliza no que apostá, basicamente, polos Composteiros Individuais (en adiante COIN), os Centros de Compostaxe Comunitaria (en adiante CCC) e as Plantas Comarcas de Compostaxe (PCC).

Ademais, para consolidar o Plan REVITALIZA, a Deputación puxo en marcha unha serie de axudas que permitirán aos Concellos fazer frente aos sobre-custos derivados da súa posta en marcha no período de tránsito do actual sistema de recollida e tratamento ao novo sistema baseado na compostaxe, sendo 33 os Concellos adheridos á liña 1, que lles permitirá dispoñer dun plan de residuos individualizado, e 5 os beneficiarios da liña 2, que ten por obxecto subvencionar a adquisición dos COIN, CCC e demás material complementario (remolques, trituradoras etc.).

Segundo. En relación aos CCC a Deputación xa ten instalados en 24 concellos da provincia un total de 61 con 436 Unidades Modulares de Compostaxe (en adiante UMC), con capacidades unitarias para tratar a FORM producida por entre 60 e 300 persoas, que funcionan perfectamente e contan con todos os parabéns das veciñas e veciños que participan no proceso; estes CCC están funcionando baixo a supervisión dos técnicos do Plan REVITALIZA que desenvolven as súas funcións de maneira temporal e transitoria ata que a súa implantación sexa completa e os Concellos asuman a súa xestión íntegra.

Terceiro. En canto aos COIN, a Administración Provincial está traballando para ter instalados na primeira metade do 2018 un importante número deles nos cinco concellos desta provincia que teñen accedido á Liña 2, cunha aposta clara pola colaboración cos concellos para a posta en marcha dun ambicioso plan de compostaxe individual (en adiante COIN) que virá a complementar a actividade dos centros de compostaxe comunitaria (CCC) e das futuras plantas de compostaxe comarcas (PCC).

Sen embargo, como queira que a Deputación de Pontevedra carece dos medios técnicos necesarios para iso e a fin de garantir que a implantación destes COIN resulte eficiente, así como asegurar o seu seguimento, a Administración Provincial tense decantado pola

aplicación dunha política colaborativa e inclusiva que permita integrar dun xeito harmónico a todas aquelas asociacións cidadáns sen ánimo de lucro posuidoras de coñecementos e cunha mínima presenza/implantación previa no eido da compostaxe individual, así como na acción social que esta leva consigo.

Esta colaboración provincial será transitoria durante o tempo necesario para o seguimento dos COIN municipais xa instalados ou a piques de instalar (un ano desde a instalación), xa que posteriormente será o Concello quen asuma en exclusiva ditas funcións a través das formas de xestión que estime oportunas.

Cuarto. Entre as asociacións mencionadas no punto anterior atópase Amigos da Terra, entidade ecoloxista sen ánimo de lucro cunha traxectoria de traballo real en concellos de provincia de Pontevedra que xa están a implantar o novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe (por exemplo, Vilaboa) e cunha demostrada experiencia e bons resultados en varios concellos galegos na implantación e seguimento dos COINs.

Dita Asociación ten, ademais, entre os seus fins:

- *Protexer o medio ambiente, entendido no máis amplo senso.*
- *Promover alternativas baseadas no desenvolvemento sostible.*
- *Promover a educación integral a todos os niveis e en todos os ámbitos,*
- *Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.*
- *Complementar as actividades desenvoltas por distintas Administracións nas materias sinaladas.*

*En relación con este último aspecto, a Asociación Amigos da Terra é promotora de diversos proxectos como o denominado “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, que está dirixido a cubrillas necesidades de atención a tódolos habitantes residentes en vivendas dotadas das mínimas condicións como para permitir unha doada instalación dun COIN nas mesmas.*

Este proxecto, que viría a complementar a actividade temporal despregada pola Deputación neste eido no Concello de Mondariz Balneario, poderá ser obxecto de subvención ao amparo do previsto no artigo 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955.

Quinto. Pola súa banda, o Concello de Mondariz Balneario está adherido ao Plan REVITALIZA, e ten solicitado, acadado e finalmente asumido a súa participación activa na Liña-2, na que precisa da colaboración provincial para desenvolver o novo sistema de tratamento de residuos, así como a participación activa da Asociación Amigos da Terra na

información para a posta en marcha e seguimento dos COIN previstos para cubrila totalidade do seu Concello, que se estima nunha cantidade de 286.

Polo tanto, a súa elección ven determinada por ser un dos cinco Concellos beneficiarios da subvención da liña 2 estando en boa disposición para implantar canto antes o cambio de sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe.

Que en virtude das consideracións anteriores, a Deputación de Pontevedra, o Concello de Mondariz Balneario e a Asociación Amigos da Terra acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Mondariz Balneario e a Asociación Amigos da Terra para levar a cabo o proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario, de acordo cos seguintes obxectivos:

- Obxectivos xenéricos do Proxecto

1. Tratar por compostaxe a totalidade da fracción orgánica producida nas vivendas nas que se teñan adscritos COIN, incluíndose nesta tanto a convencional doméstica do fogar (restos cociña/restos comidas), como a de parcelas, hortas, xardíns, etc. comprendidos na vivenda.
2. Consecuencia do anterior, evitar a entrada no circuito de xestión do lixo do Concello de calquera tipo de residuo orgánico de tipo biodegradábel producido nas vivendas servidas. Neste sentido consecuentemente entendemos e consideramos esta acción como de “prevención” antes que de “reciclaxe” deses residuos.

- Obxectivos Específicos do Proxecto

1. Proveer dos materiais adecuados (COIN e materiais complementarios) para implantalo tratamento “in situ” da fracción orgánica dos residuos municipais (en adiante FORM) en tódalas vivendas coas condicións mínimas adecuadas para a instalación e uso dun COIN.

2. Proveer dun sistema eficiente e sen custe para a veciñanza para o acondicionamento dos residuos de xardín, horta, finca, etc. producidos nesas mesmas vivendas, a fin de que poidan ser doadamente utilizados como elementos complementarios á compostaxe e de acción estruturante das FORM, articulándose dúas vías de actuación: unha primeira consistente en habilitar puntos verdes, en principio un por parroquia, a onde os veciños poderán levar a súa poda, que será triturada polo concello, e onde poderán igualmente recoller o estruturante necesario para o proceso; e outra, que consistirá en poñer a disposición de tódalas vivendas participantes que así o soliciten un servizo de trituración a domicilio xestionada polo concello, sempre e cando teñan un mínimo volume de poda (a determinar polo concello), previa chamada, e por orde das peticións.
3. Facilitarase por tanto o auto-aprovisionamento de material estruturante preciso para a compostaxe para todas aquelas vivendas participantes nas que non se dispoña dos materiais adecuados para facelos (ramas e similares).

II.- OBRIGAS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

O Concello de Mondariz Balneario comprométese mediante o presente Convenio a:

- Facilitar a Amigos da Terra o listado dispoñíbel (nome, dirección e teléfono) dos representantes de cada vivenda na que se prevexa ir instalando os COIN adquiridos a través da axuda económica concedida pola Deputación de Pontevedra
- Ir poñendo a disposición dos participantes tódolos COIN, e tódolos seus apeiros funcionais asociados, adquiridos mediante a axuda económica da Deputación de Pontevedra e facilitarlle toda a información relacionada co reparto a Amigos da Terra.
- Facilitar a Amigos da Terra a cantidade, características e lugar onde están instalados, ou estea previsto instalar, tódolos COIN do Concello de Mondariz Balneario cuxa procedencia sexa diferente aos obtidos finanziados a través do proxecto REVITALIZA da Deputación de Pontevedra.
- Facilitalo o acceso aos veciños participantes e, na medida do posíbel, mediar e colaborar na relación con estes.

III.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra comprométese mediante o presente Convenio a:

- Garantila cooperación, soporte e asistencia do equipo de técnicos do Plan REVITALIZA adscrito ao Concello de Mondariz Balneario, co persoal de Amigos da Terra.
- Colaborar co persoal de Amigos da Terra, dándolle a formación para a subida de datos de seguimento dos COIN ao programa de control do REVITALIZA.
- Financiar o proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**” na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario, cunha achega máxima de **19.990,60 euros**, a abonar á Asociación Amigos da Terra a modo de compensación polos diferentes gastos asociados ás actividades de explicación inicial, instalación, seguimento e control dos COIN.

IV.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA.

A Asociación Amigos da Terra comprométese, mediante o presente Convenio, a desenvolvello proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**” no Concello de Mondariz Balneario segundo o seguinte detalle:

- Actividades específicas do Proxecto
 1. Colaborar co concello de Mondariz Balneario e co equipo do REVITALIZA na captación de participantes na compostaxe individual por medio de charlas, comunicados, etc., así como na formación inicial por grupos das persoas participantes nos COIN.
 2. Realización de charlas/coloquios formativos cos veciños das diferentes zonas de instalación dos COIN.
 3. Cada charla/coloquio ten que ser anunciada á veciñanza, e debe contar cunha asistencia mínima de 6 participantes e ter unha duración media de 2 horas efectivas.
 4. O máximo previsto de charlas/coloquios é de 4 e o seu cometido é o de formar aos participantes para que poidan iniciar o proceso de compostaxe nos seus domicilios.
 5. Facelo seguimento individualizado a tódolos fogares con COIN instalado, realizando como mínimo 3 visitas por cada COIN (polo menos 2 visitas no primeiro trimestre), e como máximo 5 visitas, dentro do período máximo de 1 ano contado dende a data de aprobación da partida de COIN na que están incluídas ditas vivendas. No caso de ser preciso nalgúnha vivenda, poderanse facer mais de 5 visitas, unha vez consensuada a información cos

técnicos de Revitaliza, sempre que non se supere o máximo de 1430 visitas totais.

6. Inclúense varias accións de seguimento ademais das presenciais (seguimento telefónico, correo electrónico, whatsapp, etc.) a cada vivenda con COIN cedido en uso, tamén dentro do período máximo de 1 ano contado dende a data de aprobación da partida de COIN na que están incluídas ditas vivendas.
7. A efectos de contabilización de tempos, considérase que cada visita ocupará un tempo de aproximadamente 1 hora, incluídos os tempos dos desprazamentos dentro do concello.
8. As accións de seguimento ocuparán un máximo de 5,7 horas ao ano para cada COIN.
9. Os COINs entregaranse na formación inicial obligatoria (o concello encargarase de telos na localización elixida, xa sexa levántoos por medios propios, ou encargándollo a unha empresa de transportes, ou á mesma empresa que llos vende). No caso de non ir á formación, un representante da vivenda deberá recollelo na localización indicada polo concello.
10. Nos casos excepcionais nos que os participantes non poidan asistir á formación, na primeira visita aproveitarse para, como mínimo, dar as explicacións precisas para o bo uso do COIN, así como do listado de "boas prácticas" na xestión do lixo da vivenda. Nesa primeira visita é recomendable a presenza de algúns dos técnicos do equipo de Mondariz Balneario do REVITALIZA.
11. Nas seguintes visitas e accións de seguimento, faranse revisións do funcionamento e histórico do COIN dende a anterior visita (episodios de cheiros, presenza de moscas e outros insectos, presenza de ratos ou similares, lixiviacións, etc.). Así mesmo: tomarase temperatura do material en proceso, tomarase unha foto do mais significativo no COIN, se fose preciso corrixiranse humidade, esponxosidade, etc. do material en proceso e medirase o nivel de enchido actual (distancia da boca de carga até a superficie superior do material en proceso).
Tódolos datos adquiridos serán subidos á aplicación, plataforma, ou similar, disposta a tal fin pola Deputación.

12. Toda a información que difundan sobre o Plan Revitaliza terá que ser supervisada polos técnicos do Revitaliza, e limitarase ao contido aprobado por estes.
13. Constatación da paulatina, sucesiva, continuada e dentro de prazos conforme a requirimentos, da subida dos datos de seguimento/control dos COIN na aplicación do REVITALIZA

V.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POR AMIGOS DA TERRA

A Asociación Amigos da Terra desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, conforme a un orzamento cuxos importes inclúen os gastos de desprazamentos, tempo das visitas, emisión de informes ou información aos veciños. Neste sentido, establecense as compensacións económicas a tanto alzado que de seguido se citan:

- Por cada visita de seguimento de cada un dos COIN, sexa para entrega/installación, e/ou para control/seguimento/avaliación sempre de acordo coas premisas reflectidas nas actividades específicas do proxecto: **10,00 €**.
- Número medio de visitas de seguimento anuais previstas a cada vivenda con COIN asignado, de acordo coas premisas reflectidas nas actividades específicas do proxecto e que estará afectada de certa variabilidade atendendo ás particularidades de cada fogar: **5**.
- Máximo total previsto dos COIN aprovisionados polo concello a cargo do REVITALIZA (entrega/installación/control/seguimento): **286 unidades**.
- Máximo total previsto adicional de outros COIN xa instalados, ou por instalar, procedentes doutras orixes: non se puido corroborar que haxa COINS a maiores dos do Revitaliza. Non obstante, se aparecese algún, e os propietarios precisasen a formación, estes incluiríanse no cómputo total de visitas.
- Orzamento máximo previsto para as visitas a vivendas con COIN: $(50 \text{ €/COIN} \times 286 \text{ COIN}) \Rightarrow 14.300,00 \text{ €}$.
- Por cada xornada de formación cos veciños/as: **200,00 €**.
- Máximo total previsto de xornadas/coloquios formativas veciños/as: **4**.
- Orzamento máximo previsto para xornadas/coloquios formativos: **800,00 €**.
- Por accións de seguimento non presenciais (seguimento telefónico, correo electrónico, whatsapp...) tendo en conta 5.7h/COIN: **17,10 €/COIN**. As accións de seguimento non substituirán as visitas presenciais.
- Orzamento máximo previsto para accións de seguimento: **4.890,60 €**

Orzamento máximo total previsto: 19.990,60 €.

VI.- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE.

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, para cubrila totalidade do territorio e poboación do concello de Mondariz Balneario, cunha achega máxima de **19.990,60 €**, a abonar á Asociación Amigos da Terra, que se afrontará con cargo á aplicación **18/923.1623.489.06** do vixente orzamento provincial.

2.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Amigos da Terra obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

VII.- PAGAMENTO DA ACTIVIDADE.

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula anterior da seguinte forma e nos seguintes prazos:

1.- O 50% do orzamento de cada unha das partidas de COIN das que se teña feito o estudio concreto de instalación, (segundo previsión de calendario anexo) no prazo de 10 días hábiles desde a presentación do estudio correspondente, no que debe constar o número concreto de COIN por cada partida e que debe estar conformada polos técnicos provinciais.

A fin de evitar unha excesiva fragmentación, o número de COIN a instalar por partida non poderá ser nunca inferior ó 10% do total previsto.

As diferentes partidas poden solaparse no tempo, co único límite de que todas elas deben ter sido instaladas antes da data límite marcada na cláusula IX, podendo así producirse seguimentos de diferentes cantidades de COIN ó longo do tempo de desenvolvemento do traballo.

2.- O 50% restante do orzamento de cada partida, seralle abonado á Amigos da Terra unha vez transcorrido un ano dende a instalación efectiva de cada partida e previa presentación da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da realización completa das actividades, con expresión técnica e cuantitativa dos resultados obtidos. Dita memoria detallará, así mesmo, o número de actividades realizadas, especificando o seu importe unitario e total, e deberá

estar conformada polos técnicos provincias do Plan Revitaliza. Para xustificación dos pagos, os datos subidos á aplicación serán válidos para presentar como informe de cada visita.

- Xustificación do cumprimento das obrigas impostas (difusión da subvención, etc.).
- Indicación e valoración de se foron acadados os obxectivos propostos.
- Deberá acreditar que non está incursa en causa de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas ou para contratar mediante declaración responsable asinada polo seu representante e presentar ou autorizar á Deputación para que obteña as certificacións de Facenda do Estado e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de que a entidade que representa está ó corrente nas súas obrigas tributarias.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula novena mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de Amigos da Terra.

IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As actuacións que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula cuarta, deberán estar rematadas no prazo máximo de 1 ano contado dende o efectivo inicio da actividade de cada partida instalada (da que se levantarán a oportuna acta) e como máximo a **31 de decembro de 2019**, polo que a derradeira partida de COIN deberán ter aprobada a súa instalación antes do **31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez transcorra o ano desde o efectivo inicio da actividade de cada partida, Amigos da Terra deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula séptima no

prazo máximo de tres meses, tendo en conta así mesmo as datas máximas establecidas no parágrafo anterior.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento a Amigos da Terra para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Amigos da Terra da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Amigos da Terra na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, Amigos da Terra terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se deveñan dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

X.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1.- Amigos da Terra deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación de non ter débedas coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

XI- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007,de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Amigos da Terra poderá ser requerida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención outorgada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto

financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Amigos da Terra queda sometido aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- REINTEGRO, INFRACCÍONS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e a súa tramitación farase de conformidade co disposto nos artigos 29 e ss da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas.

XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de Amigos da Terra serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Amigos da Terra será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web www.depo.es.

4.- Así mesmo, os datos do convenio proposto foron incorporados no rexistro provincial de convenios (CIVIDAS), ós efectos do cumprimento das obrigas de comunicación ó Tribunal de Contas, en aplicación do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio establecése desde a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2019**.

2.- Previa solicitude de Amigos da Terra, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- NATUREZA, SEGUIMENTO DOS TRABALLOS, INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

1.- Para avaliar o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, de natureza administrativa, constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como Presidente da mesma un dos representantes da Deputación. Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e evaluación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

2.- A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cuntas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

XVI.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con previo aviso de dous meses ou por mutuo acordo.*

- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

E en proba de conformidade, asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

A Presidenta da
Deputación Provincial de
Pontevedra

O Alcalde do Concello de
Mondariz Balneario

A Presidenta da Asociación
Amigos da Terra

Maria del Carmen Silva
Rego

José Antonio Lorenzo
Rodríguez

Raquel Fernández
Rodríguez

O Secretario Xeral da
Deputación Provincial de Pontevedra

Carlos Cuadrado Romay.

ANEXO: CALENDARIO DE PREVISIÓN DE IMPLANTACIÓN DO PROXECTO

	2018								2019								2020					
	MAI	XUÑ	XLL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	M AI	XUÑ	XLL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB
Charla inicial	2	2																				
Nº COIN instalados	140	146																				
Visitas de instalación*																						
Accións seguimiento																						
1ª visita seguimiento		120	120	46																		
2ª visita seguimiento					100	100	86															
3ª visita seguimiento**								100	100	86												
Xustificación																						

* Instalación de COINs na primeira visita, realizaranse cando o representante da vivenda non poda acudir a ningunha charla de formación.

** Sinálanse as 3 visitas mínimas; as visitas de reforzo poderán realizarse entre estas ou a súa finalización."

Segundo. De acordo do disposto nas bases de execución do orzamento, o presente convenio de colaboración será ditaminado pola Comisión Informativa de Medio Ambiente na primeira sesión que celebre.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demás efectos.

Pontevedra, 22 de maio de 2018.

O SECRETARIO,



Por delegación, o Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal,
segundo R.P. nº 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016.

Concello de Mondariz Balneario

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA,
O CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA PARA A
EXECUCIÓN DO PROGRAMA “IMPLANTACIÓN E SEGUIMENTO DA COMPOSTAXE
INDIVIDUAL A NIVEL MUNICIPAL”.**

En Pontevedra a xx de xx de 2018.

REUNIDOS

Dª. María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación da Provincial de Pontevedra, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Don José Antonio Lorenzo Rodríguez, Alcalde do Concello de Mondariz Balneario, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Dona Raquel Fernández Rodríguez, presidenta da Asociación Amigos da Terra.

E dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Actuando todos eles no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN

Primeiro. As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento dos restos orgánicos dos residuos municipais están moi lonxe de poder cumplirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, ó menos, o 25% da fracción orgánica antes do 2020 non se poderá acadar senón se dan xa pasos firmes e decididos nesta dirección.

Para reverter esta situación a Deputación Provincial de Pontevedra está a potenciar a compostaxe- en colaboración cos concellos- a través do seu Plan Revitaliza no que aposta, basicamente, polos Composteiros Individuais (en adiante COIN), os Centros de

Compostaxe Comunitaria (en adiante CCC) e as Plantas Comarcais de Compostaxe (PCC).

Ademais, para consolidar o Plan REVITALIZA, a Deputación puxo en marcha unha serie de axudas que permitirán aos Concellos fazer fronte aos sobre-custos derivados da súa posta en marcha no período de tránsito do actual sistema de recollida e tratamento ao novo sistema baseado na compostaxe, sendo 33 os Concellos adheridos á liña 1, que lles permitirá dispoñer dun plan de residuos individualizado, e 5 os beneficiarios da liña 2, que ten por obxecto subvencionar a adquisición dos COIN, CCC e demais material complementario (remolques, trituradoras etc..).

Segundo. En relación aos CCC a Deputación xa ten instalados en 24 concellos da provincia un total de 61 con 436 Unidades Modulares de Compostaxe (en adiante UMC), con capacidades unitarias para tratar a FORM producida por entre 60 e 300 persoas, que funcionan perfectamente e contan con todos os parabéns das veciñas e veciños que participan no proceso; estes CCC están funcionando baixo a supervisión dos técnicos do Plan REVITALIZA que desenvolven as súas funcións de maneira temporal e transitoria ata que a súa implantación sexa completa e os Concellos asumán a súa xestión íntegra.

Terceiro. En canto aos COIN, a Administración Provincial está traballando para ter instalados na primeira metade do 2018 un importante número deles nos cinco concellos desta provincia que teñen accedido á Liña 2, cunha aposte clara pola colaboración cos concellos para a posta en marcha dun ambicioso plan de compostaxe individual (en adiante COIN) que virá a complementar a actividade dos centros de compostaxe comunitaria (CCC) e das futuras plantas de compostaxe comarcais (PCC).

Sen embargo, como queira que a Deputación de Pontevedra carece dos medios técnicos necesarios para iso e a fin de garantir que a implantación destes COIN resulte eficiente, así como asegurar o seu seguimento, a Administración Provincial tense decantado pola aplicación dunha política colaborativa e inclusiva que permita integrar dun xeito harmónico a todas aquelas asociacións cidadáns sen ánimo de lucro posuidoras de coñecementos e cunha mínima presenza/implantación previa no eido da compostaxe individual, así como na acción social que esta leva consigo.

Esta colaboración provincial será transitoria durante o tempo necesario para o seguimento dos COIN municipais xa instalados ou a piques de instalar (un ano desde a instalación), xa que posteriormente será o Concello quen asuma en exclusiva ditas funcións a través das formas de xestión que estime oportunas.

Cuarto. Entre as asociacións mencionadas no punto anterior atópase Amigos da Terra, entidade ecoloxista sen ánimo de lucro cunha traxectoria de traballo real en concellos de provincia de Pontevedra que xa están a implantar o novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe (por exemplo, Vilaboa) e cunha demostrada experiencia e bos resultados en varios concellos galegos na implantación e seguimento dos COINs.

Dita Asociación ten, ademais, entre os seus fins:

- Protexer o medio ambiente, entendido no máis amplio senso.
- Promover alternativas baseadas no desenvolvemento sostible.
- Promover a educación integral a todos os niveis e en todos os ámbitos,
- Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- Complementar as actividades desenvoltas por distintas Administracións nas materias sinaladas.

En relación con este último aspecto, a Asociación Amigos da Terra é promotora de diversos proxectos como o denominado “A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal”, que está dirixido a cubrillas necesidades de atención a tódolos habitantes residentes en vivendas dotadas das mínimas condicións como para permitir unha doada instalación dun COIN nas mesmas.

Este proxecto, que viría a complementar a actividade temporal despregada pola Deputación neste eido no Concello de Mondariz Balneario, poderá ser obxecto de subvención ao amparo do previsto no artigo 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955.

Quinto. Pola súa banda, o Concello de Mondariz Balneario está adherido ao Plan REVITALIZA, e ten solicitado, acadado e finalmente assumido a súa participación activa na Liña-2, na que precisa da colaboración provincial para desenvolver o novo sistema de tratamento de residuos, así como a participación activa da Asociación Amigos da Terra na información para a posta en marcha e seguimento dos COIN previstos para cubrila totalidade do seu Concello, que se estima nunha cantidade de 286.

Polo tanto, a súa elección ven determinada por ser un dos cinco Concellos beneficiarios da subvención da liña 2 estando en boa disposición para implantar canto antes o cambio de sistema de tratamiento de residuos baseado na compostaxe.

Que en virtude das consideracións anteriores, a Deputación de Pontevedra, o Concello de Mondariz Balneario e a Asociación Amigos da Terra acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Mondariz Balneario e a Asociación Amigos da Terra para levar a cabo o proxecto **“A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal”**, na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario, de acordo cos seguintes obxectivos:

- Obxectivos xenéricos do Proxecto
 1. Tratar por compostaxe a totalidade da fracción orgánica producida nas vivendas nas que se teñan adscritos COIN, incluíndose nesta tanto a convencional doméstica do fogar (restos cociña/restos comidas), como a de parcelas, hortas, xardíns, etc. comprendidos na vivenda.
 2. Consecuencia do anterior, evitar a entrada no circuíto de xestión do lixo do Concello de calquera tipo de residuo orgánico de tipo biodegradábel producido nas vivendas servidas. Neste sentido consecuentemente entendemos e consideramos esta acción como de “prevención” antes que de “reciclaxe” deses residuos.
- Obxectivos Específicos do Proxecto
 1. Proveer dos materiais adecuados (COIN e materiais complementarios) para implantalo tratamento *“in situ”* da fracción orgánica dos residuos municipais (en adiante FORM) en tódalas vivendas coas condicións mínimas adecuadas para a instalación e uso dun COIN.
 2. Proveer dun sistema eficiente e sen custe para a veciñanza para o acondicionamento dos residuos de xardín, horta, finca, etc. producidos nesas mesmas vivendas, a fin de que poidan ser doadamente utilizados

como elementos complementarios á compostaxe e de acción estruturante das FORM, articulándose dúas vías de actuación: unha primeira consistente en habilitar puntos verdes, en principio un por parroquia, a onde os veciños poderán levar a súa poda, que será triturada polo concello, e onde poderán igualmente recoller o estruturante necesario para o proceso; e outra, que consistirá en poñer a disposición de tódalas vivendas participantes que así o soliciten un servizo de trituración a domicilio xestionada polo concello, sempre e cando teñan un mínimo volume de poda (a determinar polo concello), previa chamada, e por orde das peticións.

3. Facilitarase por tanto o auto-aprovisionamento de material estruturante preciso para a compostaxe para todas aquelas vivendas participantes nas que non se dispoña dos materiais adecuados para facelos (ramas e similares).

II.- OBRIGAS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

O Concello de Mondariz Balneario comprométese mediante o presente Convenio a:

- Facilitar a Amigos da Terra o listado dispoñíbel (nome, dirección e teléfono) dos representantes de cada vivenda na que se prevexa ir instalando os COIN adquiridos a través da axuda económica concedida pola Deputación de Pontevedra
- Ir poñendo a disposición dos participantes tódolos COIN, e tódolos seus apeiros funcionais asociados, adquiridos mediante a axuda económica da Deputación de Pontevedra e facilitarlle toda a información relacionada co reparto a Amigos da Terra.
- Facilitar a Amigos da Terra a cantidad, características e lugar onde están instalados, ou estea previsto instalar, tódolos COIN do Concello de Mondariz Balneario cuxa procedencia sexa diferente aos obtidos/financiados a través do proxecto REVITALIZA da Deputación de Pontevedra.
- Facilitalo o acceso aos veciños participantes e, na medida do posíbel, mediar e colaborar na relación con estes.

III.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra comprométese mediante o presente Convenio a:

- Garantila cooperación, soporte e asistencia do equipo de técnicos do Plan REVITALIZA adscrito ao Concello de Mondariz Balneario, co persoal de Amigos da Terra.
- Colaborar co persoal de Amigos da Terra, dándolle a formación para a subida de datos de seguimento dos COIN ao programa de control do REVITALIZA.
- Financiar o proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**” na totalidade do territorio do Concello de Mondariz Balneario, cunha achega máxima de **19.990,60 euros**, a abonar á Asociación Amigos da Terra a modo de compensación polos diferentes gastos asociados ás actividades de explicación inicial, instalación, seguimento e control dos COIN.

IV.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA.

A Asociación Amigos da Terra comprométese, mediante o presente Convenio, a desenvolvero proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**” no Concello de Mondariz Balneario segundo o seguinte detalle:

- Actividades específicas do Proxecto
 1. Colaborar co concello de Mondariz Balneario e co equipo do REVITALIZA na captación de participantes na compostaxe individual por medio de charlas, comunicados, etc., así como na formación inicial por grupos das persoas participantes nos COIN.
 2. Realización de charlas/coloquios formativos cos veciños das diferentes zonas de instalación dos COIN.
 3. Cada charla/coloquio ten que ser anunciada á veciñanza, e debe contar cunha asistencia mínima de 6 participantes e ter unha duración media de 2 horas efectivas.
 4. O máximo previsto de charlas/coloquios é de 4 e o seu cometido é o de formar aos participantes para que poidan iniciar o proceso de compostaxe nos seus domicilios.
 5. Facelo seguimento individualizado a tódolos fogares con COIN instalado, realizando como mínimo 3 visitas por cada COIN (polo menos 2 visitas no primeiro trimestre), e como máximo 5 visitas, dentro do período máximo de

1 ano contado dende a data de aprobación da partida de COIN na que están incluídas ditas vivendas. No caso de ser preciso nalgúnha vivenda, poderanse facer mais de 5 visitas, unha vez consensuada a información cos técnicos de Revitaliza, sempre que non se supere o máximo de 1430 visitas totais.

6. Inclúense varias accións de seguimento ademais das presenciais (seguimento telefónico, correo electrónico, whatsapp, etc.) a cada vivenda con COIN cedido en uso, tamén dentro do período máximo de 1 ano contado dende a data de aprobación da partida de COIN na que están incluídas ditas vivendas.
7. A efectos de contabilización de tempos, considérase que cada visita ocupará un tempo de aproximadamente 1 hora, incluídos os tempos dos desprazamentos dentro do concello.
8. As accións de seguimento ocuparán un máximo de 5,7 horas ao ano para cada COIN.
9. Os COINs entregaranse na formación inicial obligatoria (o concello encargarase de telos na localización elixida, xa sexa levándoos por medios propios, ou encargándollo a unha empresa de transportes, ou á mesma empresa que llos vende). No caso de non ir á formación, un representante da vivenda deberá recollelo na localización indicada polo concello.
10. Nos casos excepcionais nos que os participantes non poidan asistir á formación, na primeira visita aproveitarase para, como mínimo, dar as explicacións precisas para o bo uso do COIN, así como do listado de “boas prácticas” na xestión do lixo da vivenda. Nesa primeira visita é recomendable a presenza de algún dos técnicos do equipo de Mondariz Balneario do REVITALIZA.
11. Nas seguintes visitas e accións de seguimento, faranse revisións do funcionamento e histórico do COIN dende a anterior visita (episodios de cheiros, presenza de moscas e outros insectos, presenza de ratos ou similares, lixiviacións, etc.). Así mesmo: tomarase temperatura do material en proceso, tomarase unha foto do mais significativo no COIN, se fose preciso corrixiranse humidade, esponxosidade, etc. do material en proceso

e medirase o nivel de enchido actual (distancia da boca de carga até a superficie superior do material en proceso).

Tódolos datos adquiridos serán subidos á aplicación, plataforma, ou similar, disposta a tal fin pola Deputación.

12. Toda a información que difundan sobre o Plan Revitaliza terá que ser supervisada polos técnicos do Revitaliza, e limitarase ao contido aprobado por estes.
13. Constatación da paulatina, sucesiva, continuada e dentro de prazos conforme a requirimentos, da subida dos datos de seguimento/control dos COIN na aplicación do REVITALIZA

V.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POR AMIGOS DA TERRA

A Asociación Amigos da Terra desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, conforme a un orzamento cuxos importes inclúen os gastos de desprazamentos, tempo das visitas, emisión de informes ou información aos veciños. Neste sentido, establecense as compensacións económicas a tanto alzado que de seguido se citan:

- Por cada visita de seguimento de cada un dos COIN, sexa para entrega/installación, e/ou para control/seguimento/avaliación sempre de acordo coas premisas reflectidas nas actividades específicas do proxecto: **10,00 €**.
- Número medio de visitas de seguimento anuais previstas a cada vivenda con COIN asignado, de acordo coas premisas reflectidas nas actividades específicas do proxecto e que estará afectada de certa variabilidade atendendo ás particularidades de cada fogar: **5**.
- Máximo total previsto dos COIN aprovisionados polo concello a cargo do REVITALIZA (entrega/installación/control/seguimento): **286 unidades**.
- Máximo total previsto adicional de outros COIN xa instalados, ou por instalar, procedentes doutras orixes: non se puido corroborar que haxa COINS a maiores dos do Revitaliza. Non obstante, se aparecese algúin, e os propietarios precisasen a formación, estes incluiríanse no cómputo total de visitas.
- Orzamento máximo previsto para as visitas a vivendas con COIN: $(50 \text{ €}/\text{COIN} \times 286 \text{ COIN}) \Rightarrow 14.300,00 \text{ €}$.

- Por cada xornada de formación cos veciños/as: **200,00 €.**
- Máximo total previsto de xornadas/coloquios formativas veciños/as: **4.**
- Orzamento máximo previsto para xornadas/coloquios formativos: **800,00 €.**
- Por accións de seguimento non presenciais (seguimento telefónico, correo electrónico, whatsapp...) tendo en conta 5.7h/COIN: **17,10 €/COIN.** As accións de seguimento non substituirán as visitas presenciais.
- Orzamento máximo previsto para accións de seguimento: **4.890,60 €**

Orzamento máximo total previsto: 19.990,60 €.

VI- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE.

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o proxecto “**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**”, para cubrila totalidade do territorio e poboación do concello de Mondariz Balneario, cunha achega máxima de **19.990,60 €**, a abonar á Asociación Amigos da Terra, que se afrontará con cargo á aplicación **18/923.1623.489.06** do vixente orzamento provincial.

2.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Amigos da Terra obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

VII.- PAGAMENTO DA ACTIVIDADE.

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula anterior da seguinte forma e nos seguintes prazos:

1.- O 50% do orzamento de cada unha das partidas de COIN das que se teña feito o estudio concreto de instalación, (segundo previsión de calendario anexo) no prazo de 10 días hábiles desde a presentación do estudio correspondente, no que debe constar o número concreto de COIN por cada partida e que debe estar conformada polos técnicos provinciais.

A fin de evitar unha excesiva fragmentación, o número de COIN a instalar por partida non poderá ser nunca inferior ó 10% do total previsto.

As diferentes partidas poden solaparse no tempo, co único límite de que todas elas deben ter sido instaladas antes da data límite marcada na cláusula IX, podendo así producirse seguimentos de diferentes cantidades de COIN ó longo do tempo de desenvolvemento do traballo.

2.- O 50% restante do orzamento de cada partida, seralle abonado á Amigos da Terra unha vez transcorrido un ano dende a instalación efectiva de cada partida e previa presentación da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da realización completa das actividades, con expresión técnica e cuantitativa dos resultados obtidos. Dita memoria detallará, así mesmo, o número de actividades realizadas, especificando o seu importe unitario e total, e deberá estar conformada polos técnicos provincias do Plan Revitaliza. Para xustificación dos pagos, os datos subidos á aplicación serán válidos para presentar como informe de cada visita.
- Xustificación do cumprimento das obrigas impostas (difusión da subvención, etc.).
- Indicación e valoración de se foron acadados os obxectivos propostos.
- Deberá acreditar que non está incursa en causa de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas ou para contratar mediante declaración responsable asinada polo seu representante e presentar ou autorizar á Deputación para que obteña as certificacións de Facenda do Estado e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de que a entidade que representa está ó corrente nas súas obrigas tributarias.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula novena mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de Amigos da Terra.

IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As actuacións que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula cuarta, deberán estar rematadas no prazo máximo de 1 ano contado desde o efectivo inicio da actividade de cada partida instalada (da que se levantarán a oportunamente acta) e como máximo a **31 de decembro de 2019**, polo que a derradeira partida de COIN deberán ter aprobada a súa instalación antes do **31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez transcorra o ano desde o efectivo inicio da actividade de cada partida, Amigos da Terra deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula séptima no prazo máximo de tres meses, tendo en conta así mesmo as datas máximas establecidas no parágrafo anterior.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento a Amigos da Terra para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Amigos da Terra da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Amigos da Terra na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, Amigos da Terra terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se deveñan dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

X.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1.- Amigos da Terra deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación de non ter débedas coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

XI- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Amigos da Terra poderá ser requerida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención outorgada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Amigos da Terra queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- REINTEGRITO, INFRACCIONES E SANCIÓNNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e a súa tramitación farase de conformidade co disposto nos artigos 29 e ss da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003,de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007,de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas.

XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de Amigos da Terra serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999,de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007,de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Amigos da Terra será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web www.depo.es.

4.- Así mesmo, os datos do convenio proposto foron incorporados no rexistro provincial de convenios (CIVIDAS), ós efectos do cumprimento das obrigas de comunicación ó Tribunal de Contas, en aplicación do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio establecese desde a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2019**.

2.- Previa solicitude de Amigos da Terra, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmas informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- NATUREZA, SEGUIMENTO DOS TRABALLOS, INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

1.- Para avaliar o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, de natureza administrativa, constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como Presidente da mesma un dos representantes da Deputación. Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

2.- A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

XVI.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con previo aviso de dous meses ou por mutuo acordo.

- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

E en proba de conformidade, asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

A Presidenta da
Deputación Provincial
de Pontevedra

O Alcalde do Concello
de Mondariz Balneario

A Presidenta da
Asociación Amigos
da Terra

Maria del Carmen Silva
Rego

José Antonio Lorenzo
Rodríguez

Raquel Fernández
Rodríguez

O Secretario Xeral da
Deputación Provincial de Pontevedra

Carlos Cuadrado Romay.

ANEXO: CALENDARIO DE PREVISIÓN DE IMPLANTACIÓN DO PROXECTO

	2018						2019						2020										
	MAI	XUÑ	XLL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XLL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR
Charla inicial	2	2																					
Nº COIN instalados	140	146																					
Visitas de instalación*																							
Acciones																							
seguimiento																							
1ª visita	120	120	46																				
seguimiento																							
2ª visita																							
seguimiento																							
3ª visita																							
seguimiento**																							
Xustificación																							

* Instalación de COINS na primeira visita, realizaranse cando o representante da vivenda non poda acudir a ningunha charla de formación.

** Si nálanse as 3 visitas mínimas; as visitas de reforzo poderán realizarse entre estas ou a súa finalización.